

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2023/18	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	04 de maio de 2023
Duración	Dende as 13:40 ata as 14:05 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 20.04.2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 20 de abril

Concello de Silleda

de 2023.

Aprobación da acta da sesión anterior: 27.04.2023

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 27 de abril de 2023.

Expediente 753/2023. Servizos Sociais. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social, con data 28 de abril, no que se propón favorable a concesión dunha axuda de emerxencia social para o pago do xantares do mes de abril de 2023 de E.F.V.

Visto que reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda,
ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do copagamento dos xantares do mes de abril 2023 de Dona E.F.V. usuaria do Programa Xantar na Casa.

Segundo.- Aprobar o pago delegado da factura nº A23/06859 por importe de 49,28 € con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a Culinaria “COESCO DEZA S.L.U.” polo concepto da contía indicada.

Cuarto.- Comunicar ás persoas interesadas a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de tesourería para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 759/2023. Servizos Sociais. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da traballadora social, con data 28 de abril, no que se propón favorable a concesión dunha axuda de emerxencia social para o pago do xantares do mes de marzo de 2023 de J.V.A.

Visto que reúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia

Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago do copagamento dos xantares do mes de abril 2023 de Don J.V.A. usuario do Programa Xantar na Casa.

Segundo.- Aprobar o pago delegado da factura nº A23/06858 por importe de 49,28 € con cargo á aplicación orzamentaria correspondente.

Terceiro.- Realizar o pagamento a través do pago delegado a Culinaria “COESCO DEZA S.L.U.” polo concepto da contía indicada.

Cuarto.- Comunicar ás persoas interesadas a concesión da axuda.

Quinto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de tesourería para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1324/2022. Contratacións. CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS ENERXÉTICOS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR do Concello de Silleda

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de setembro de 2022 aprobouse o inicio do expediente de contratación do **CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS ENERXÉTICOS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR do Concello de Silleda** a adxudicar por procedemento aberto, regulación harmonizada.

Visto que dadas as características da obra e o orzamento de licitación, do mesmo que ascende a 9.325.860,58 Euros (IVE engadido) de conformidade co disposto nos artigos 13, 16 e 18 da Lei de Contratos do Sector Público, trátase dun contrato de mixto de subministro e obra, e o procedemento máis axeitado para a súa adxudicación é o procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, regulación harmonizada.

Este sometemento a regulación harmonizada **esixe a publicación do expediente de contratación ademais de no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Estado, no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE).**

Visto que na sesión celebrada o 8 de novembro de 2022, e previo dictamen Comisión Informativa de Medio Ambiente, Servizos e Industria (ésta celebrada o 7 de novembro de 2022), a Xunta de Goberno Local **ACORDA**, entre outros:

-Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, regulación harmonizada, do **CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS ENERXÉTICOS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR do Concello de Silleda** polo importe de 9.325.860,58 Euros (IVE engadido).

-Proceder á apertura do procedemento de adxudicación mediante contratación electrónica do presente contrato por procedemento aberto, regulación harmonizada, dando orde de que se proceda á publicación do expediente de contratación ademais de no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Estado, no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE). O prazo para a presentación de proposicións **non poderá ser inferior a trinta días a contar desde o seguinte á publicación no perfil de contratante do anuncio de licitación**, xa que non houbo envío do anuncio de información previa ao DOUE (artigo 156.2LCSP).

Visto que o 17 de novembro de 2022 realizase o envío do anuncio ó Diario Oficial da Unión Europea, consta resguardo no propio anuncio da licitación no perfil do contratante.

Visto que o 20 de novembro do 2022 publicase o anuncio na Plataforma de Contratación do Estado, consta resguardo no expediente.

Visto que o 22 de novembro publicase no Diario Oficial da Unión Europea o referido anuncio.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local na data 21 de decembro de 2022, polo que se levou a cabo unha rectificación do anuncio publicado no DOUE ampliando o prazo de presentación de ofertas e se dou publicidade a documentación relativa ao contrato.

Advertidos erros na redacción da documentación do presente contrato.

Visto o **DOCUMENTO ACLARATORIO Á DOCUMENTACIÓN DO CONTRATO DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DE SILLEDA EXPEDIENTE 1324/2022**, realizado por **Iván Andrade Tasende**, con **DNI 47363088Q**, Enxeñeiro Técnico Industrial con número de Colexiado **COETICOR 3.768**, como redactor dos pregos e anexos do contrato **1324/2022 Iluminación exterior Concello de Silleda**, no que da solución ós problemas presentados.

A Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o 12 de xaneiro de 2023 acorda rectificar os erros na documentación e reiniciar o prazo de presentación de ofertas, rematando o 16 de febreiro de 2023.

Consta no expediente os anuncios rectificadas de licitación e dos pregos.

O 16 de xaneiro do 2023 con nº de rexistro de entrada 2023-E-RC-162, notificase que ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia **presentouse recurso especial en materia de contratación** por parte da ASOCIACIÓN DE PEQUEÑAS EMPRESAS contra os pregos da contratación da iluminación exterior do Concello de Silleda, expediente 1324/2022 de este Concello (Recurso número 6/2023).

Visto o documento enviado polo redactor dos pregos en resposta ó recurso presentado ante o Tacgal, advírtese erro no Prego de Prescricións Técnicas no punto 6.4. apartado "a" do PPT (páxina 20 de 43), onde pon:

Un (1) Responsable de conservación e mantemento con titulación universitaria acorde co obxecto do contrato, con formación e experiencia adecuadas, que asumirá a responsabilidade da realización correcta e boa marcha dos traballos contratados, baixo a supervisión do delegado do adxudicatario no caso de que sexan persoas distintas. Dedicación parcial dun 40% da xornada laboral.

Un (1) Encargado xeral de obras con experiencia nos traballos previstos no contrato, que deberá poder realizar, en substitucións puntuais, as funcións do responsable de conservación e reparación. Dedicación parcial dun 50% da xornada laboral.

Un (1) Administrativo con coñecementos de informática necesarios para o obxecto do contrato. Dedicación

parcial dun 30% da xornada laboral.

Dous (2) Oficias electricistas de diversa categoría. Dedicación total (100% da xornada).

Debería poñer

Un (1) Responsable de conservación e mantemento con titulación universitaria acorde co obxecto do contrato, con formación e experiencia adecuadas, que asumirá a responsabilidade da realización correcta e boa marcha dos traballos contratados, baixo a supervisión do delegado do adxudicatario no caso de que sexan persoas distintas. Dedicación parcial dun 50% da xornada laboral.

Un (1) Encargado xeral de obras con experiencia nos traballos previstos no contrato, que deberá poder realizar, en substitucións puntuais, as funcións do responsable de conservación e reparación.

Dedicación total 100% da xornada laboral.

Un (1) Oficial electricista. Dedicación total (100% da xornada).

Dita relación de persoal está correctamente calculada no estudo económico polo que non afecta á valoración do contrato nin a ningún aspecto económico referido no PCAP

Na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o 2 de febreiro de 2023 acórdase corrixir o erro presentado no PPT e ampliar o prazo de presentación de ofertas ata o 17 de febreiro de 2023.

Constan no expediente a rectificación dos anuncios de licitación e pregos.

O 6 de febreiro de 2023 con nº de rexistro de entrada neste Concello 2023-E-RC-566, notificase a **RESOLUCIÓN nº 20/2023** do recurso especial en materia de contratación (RECURSO nº 6/2023) presentado ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia por parte da ASOCIACIÓN DE PEQUEÑAS EMPRESAS contra os pregos da contratación da iluminación exterior do Concello de Silleda, expediente 1324/2022 de este Concello (Recurso número 6/2023).

A resolución do TACGAL estima parcialmente o recurso interposto por parte da ASOCIACIÓN DE PEQUEÑAS EMPRESAS, en concreto no que fai referencia á corrección do punto 6.4 apartado “a” do PPT, como así se recolle no **fundamento de dereito sexto**:

*“...Unha vez desbotado que nos atopemos ante o suposto dun erro material, o artigo 124 LCSP, en concordancia co indicado tamén polo artigo 122 ao respecto do pregos de cláusulas administrativas, é taxativo ao indicar que **“Noutro caso, a modificación do prego suporá a retroacción de actuacións”**.*

*Isto evidentemente non significa que o órgano de contratación deba desistir da licitación ou acudir ás figuras da revisión de oficio ou da declaración de lesividade, de conformidade coa Lei 39/2015, para realizar unha modificación dos pregos. De feito, salientamos novamente que o artigo 124 da LCSP o que establece é a obriga a proceder á “retroacción de actuacións”, en consonancia co indicado polo artigo 75.2 do RD 1098/2001 de computar **“dende o novo anuncio”** o prazo de presentación de proposicións.*

En definitiva, ao entender o órgano de contratación necesaria unha alteración do establecido no PPT como se reconece no presente suposto, debe ineludiblemente proceder a unha retroacción das actuacións coa publicación dun novo anuncio, tal e como esixe o artigo 124 da LCSP, sen que se poida substituír a mesma por unha mera corrección e a publicación dunha “nota aclaratoria na propia Plataforma”, como se defende no informe de alegacións.

Todo o cal determina que corresponda a estimación parcial do recurso presentado, coa anulación da cláusula

6.4 do PPT, debendo proceder o órgano de contratación conforme ao indicado na presente Resolución.”

Vista a resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, debe procederse a retrotraer actuacións, aprobando a documentación contractual e publicando un novo anuncio, conservando os demais actos administrativos ata data que non se ven alterados por tal actuación.

Visto que o artigo 113.1.e) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por o que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, recolle que nos casos en que a Xunta de Goberno exerza competencias delegadas polo Pleno, será preceptivo o previo informe da Comisión Informativa correspondente, non obstante, o artigo 123 do mesmo texto legal establece que as Comisións Informativas, integradas exclusivamente por membros da Corporación, son órganos sin atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do Pleno y da **Xunta de Goberno cando esta actúe con competencias delegadas polo Pleno, salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes**, como é o asunto que se trataba.

A Xunta de Goberno na sesión do 10/02/2023 acorda de maneira urxente a aprobación da documentación contractual modificada, tras o recurso presentado ante o Tacgal, e anular os anuncios para dar lugar a unha nova publicación da licitación na Plataforma de Contratación do Estado e no Diario Oficial da Unión Europea.

Consta no expediente os novos anuncios publicados na Plataforma de Contratación do Estado e no Diario Oficial da Unión Europea.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas o 17 de marzo de 2023, procédese ás diferentes convocatorias das mesa co seguinte resultado recollido na proposta da mesa ó órgano de contratación:

“Na casa consistorial do Concello de Silleda, a 13 de abril de 2023, cando son as 14:30 horas, reunidos os membros da mesa de contratación, procédese ó estudio das puntuacións obtidas polos licitadores para facer a proposta de adxudicación ó órgano de contratación.

Membros asistentes:

PRESIDENTE

D. Manuel Cuiña Fernández, Alcalde

VOCAIS

D. Leopoldo Moure Dopico, Interventor do Concello de Silleda

Dna. Déborah García Suárez, Secretaria do Concello

D. Lino Doporto Framil, Arquitecto municipal.

SECRETARIO

D. David García Lareo, funcionario municipal.

SOBRE A: "DOCUMENTACIÓN XERAL PARA A LICITACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS ENERXÉTICOS DA ILUMINACIÓN EXTERIOR DO MUNICIPIO DE SILLEDA".

Unha vez realizada a apertura do **SOBRE A**, na sesión do 23 de marzo, e revisada a documentación aportada, a mesa daba por admitidos aos seguintes licitadores:

FERROVIAL CONSTRUCCION S.A. (NIF: A28019206) (VIES: ESA28019206)

- UTE MONRABAL-ENDESA**

-ELECTROTECNIA MONRABAL S.L. (B46048559)
-ENDESA X SERVICIOS SL (NIF: B01788041) (VIES: ESB01788041)

SOBRE B: "DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR PARA A LICITACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS ENERXÉTICOS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DO MUNICIPIO DE SILLEDA".

O 28 de marzo, válidamente constituída a mesa de contratación, realizase o **primeiro acto** programado na orde do día, procedendo á apertura do **SOBRE B** que contén os criterios baseados en xuízos de valor. Recollida a mencionada documentación dase traslado da mesma ós técnicos para a súa correspondente avaliación.

O día 10 de abril, con rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RE-394 e nº 2023-E-RE-397, a empresa redactora do proxecto presenta os informes correspondentes.

Tras recibir a avaliación da documentación por parte dos técnicos, constitúese válidamente de novo a mesa, o 10 de abril de 2023, para reanudar a sesión suspendida e proceder á realización do **segundo acto** programado na orde do día, a valoración dos criterios baseados en xuízos de valor.

Vista a valoración realizada polos técnicos conforme ó sistema de puntuación establecido no apartado 14.1 do PCAP "**Criterios ponderables en función de un juicio de valor**", a puntuación dos criterios baseados en xuízos de valor queda de este modo:

Apartado	Subapartado	FERROVIAL		UTE MONRABAL-ENDESA	
P1 (5p.)	Plan optimización (2 p.)	2 puntos	5 puntos	1,4	3,6 puntos
	Gestión facturas (2 p.)	2 puntos		1,4	
	Funcionamiento (1 p.)	1 punto		0,8	
P2/P3 (10 p.)	Medios humanos y materiales (2 p.)	2 puntos	9,7 puntos	2	7,2 puntos
	Metodología (2)	1,8 puntos		1,5	
	24h (2 p.)	2 puntos		1,2	
	Plan mantenimiento (2 p.)	1,9 puntos		1,2	
	Garantía Total (2 p.)	2 puntos		1,3	
P4 (20 p.)	Idoneidad (10 p.)	9,5 puntos	19 puntos	9	18,1 puntos
	Plan Obra (7 p.)	6,8 puntos		6,4	
	Uniformidad (3 p.)	2,7 puntos		2,7	
Mejoras (10 p.)	Unificación (7 p.)	7 puntos	10 puntos	2	3,5 puntos
	Comunicación (3 p.)	3 puntos		1,5	

Gestión (4 p.)	Prestaciones sistemas informáticos (4 p.)	4 puntos	4 puntos	3,5 puntos	3 puntos
TOTAL			47,7 puntos		35,4 puntos

SOBRE C: DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN AVALIABLES POR FÓRMULA PARA A LICITACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS ENERXÉTICOS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DO MUNICIPIO DE SILLEDA".

O día 11 de abril, válidamente constituída a mesa de contratación, realízase o **primeiro acto** programado na orde do día, procedendo á **apertura** do sobre C que contén a documentación realtiva aos criterios de adjudicación avaliáveis por fórmula.

Recollida a mencionada documentación dase traslado da mesma ós técnicos para a súa correspondente avaliación.

O día 13 de abril, con rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RE-415, a empresa redactora do proxecto presenta o informe correspondente.

Tras recibir a avaliación da documentación por parte dos técnicos, constitúese válidamente de novo a mesa, o 13 de abril de 2023, para reanudar a sesión suspendida e proceder á realización do **segundo acto** programado na orde do día, a **valoración** dos criterios de adjudicación avaliáveis por fórmula.

Vista a valoración realizada polos técnicos conforme ó sistema de puntuación establecido no apartado 14.2 do PCAP "**Criterios cuantificables de forma automática**", a puntuación dos licitadores é a seguinte:

As ofertas económica presentadas polos licitadores son as seguintes:

Prestación	Precio Base Concello	Oferta Ferrovia	UTE MONRABAL-ENDESA
P1+P1gen+OCSI	247.989,37 €	223.190,44 €	229.016 €
P2	134.645,09 €	121.180,58 €	134.645 €
P3	22.146,80 €	19.932,12 €	22.147 €
P4	145.741,80 €	131.167,62 €	131.692 €
Precio Base	550.523,06 €	495.470,75 €	517.500 €
IVA 21 %	115.609,84 €	104.048,86 €	108.675 €
Anual con IVA	666.132,90 €	599.519,61 €	626.175 €

CRITERIO	FERROVIAL	UTE MONRABAL-ENDESA
Oferta Económica	29,40	17,64
Plazo ejecución P4	15	15
Energía Renovable	6	6
TOTAL puntos	50,40	38,64

Finalizado o estudo da documentación presentada polos licitadores, as puntuacións obtidas por parte de estos quedarían resumidas de esta maneira:

CRITERIO	FERROVIAL	UTE MONRABAL-ENDESA
-----------------	------------------	----------------------------

CRITERIOS BASEADOS EN XUIZOS DE VALOR	47,70	35,40
CRITERIOS CUANTIFICABLES AUTOMÁTICAMENTE	50,40	38,64
TOTAL	98,10	74,04

Polo exposto anteriormente, esta Mesa de Contratación, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:** propoñer como adxudicatario do contrato “SERVIZOS ENERXÉTICOS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO EXMO CONCELLO DE SILLEDA”, nº de expediente 1324/2022, de este Concello, a

- **FERROVIAL CONSTRUCCION S.A. (NIF: A28019206) (VIES: ESA28019206)**

por ser o licitador que obtivo a mellor puntuación, e que polo tanto representa a mellor oferta en relación calidade-prezo.

De esta maneira, a Mesa de Contratación propón a adxudicación do contrato “SERVIZOS ENERXÉTICOS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO EXMO CONCELLO DE SILLEDA” a **FERROVIAL CONSTRUCCION S.A. (NIF: A28019206) (VIES: ESA28019206)**, por un **prezo anual de 599.519,61 €**, dos que 495.470,75 € corresponden ó prezo base e 104.048,86 € ó 21% de IVE.

O contrato terá un prazo de vixencia de **CATORCE (14) anos**, iniciándose este cómputo a partir do día seguinte ao da firma da Acta de Inicio do Servizo, o cal deberá levar a cabo dentro do prazo de **DOUS (2) MESES** a contar a partir do día seguinte ao da formalización do contrato.

O presidente da por rematada a reunión ás 15:00 horas e, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que someto á sinatura do presidente e dos vogais, e dou fe”.

Visto que a lexislación (DA 2ª LCSP) atribúe ó Alcalde da Corporación a competencia como órgano de contratación respecto dos contratos cando o seu importe non supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, os seis millóns de euros, e nos supostos de contratos plurianuais de duración inferior a catro anualidades cando o importe acumulado de tódalas súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida ós recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, **correspondendo nos demais supostos a competencia ó Pleno da Corporación.**

O órgano de contratación será o que adxudique o correspondente contrato administrativo e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofreza a súa execución, modificalo e acordar a súa resolución, con suxeición á normativa aplicable.

Por contía esta competencia lle correspondería ao **Pleno** do Concello de Silleda, que ten **delegada dita competencia a favor da Xunta de Goberno Local**, que será quen tome as decisións relativas ó presente contrato.

Visto que o artigo 113.1.e) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por o que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais, recolle que **nos casos en que a Xunta de Goberno exerza competencias delegadas por o Pleno, será preceptivo o previo informe da Comisión Informativa correspondente.**

Polo exposto e tendo en conta a competencia delegada polo Pleno na Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, e previo ditamen Comisión Informativa de Medio Ambiente, Servizos e Industria, celebrada o 28 de abril de 2023, a Xunta de Goberno Local **ACORDA:**

PRIMEIRO.- De conformidade co artigo 157 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público (LCSP), proponse a

adxudicación por procedemento aberto, regulación harmonizada do “**CONTRATO MIXTO DE SERVICIOS ENERXÉTICOS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE SILLEDA**”, nº de expediente 1324/2022, de este Concello, a:

- **FERROVIAL CONSTRUCCION S.A. (NIF: A28019206)** (VIES: ESA28019206)

por un prezo anual de **599.519,61 €**, dos que 495.470,75 € corresponden ó prezo base e 104.048,86 € ó 21% de IVE, por ser o licitador que obtivo a mellor puntuación, e que polo tanto representa a mellor oferta en relación calidade-prezo.

O contrato terá un prazo de vixencia de CATORCE (14) anos, iniciándose este cómputo a partir do día seguinte ao da firma da Acta de Inicio do Servizo, o cal deberá levar a cabo dentro do prazo de DOUS (2) MESES a contar a partir do día seguinte ao da formalización do contrato.

SEGUNDO.- Que, con carácter previo á adxudicación do contrato, os servizos técnicos correspondentes requirirán o licitador que presentou a mellor oferta, **FERROVIAL CONSTRUCCION S.A. (NIF: A28019206)**, de conformidade co disposto no parágrafo segundo do artigo 150 LCSPC para que no prazo de 10 días hábiles a contar dende o envío da comunicación, aporte a documentación recollida na cláusula 18 e seguintes do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe o presente procedemento, así como a constitución da garantía definitiva do 5 por 100 do prezo final ofertado, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

TERCEIRO.- No caso de que no prazo outorgado ao efecto a empresa proposta na adxudicación provisional non presente a documentación solicitada, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándose o correspondente prazo para aportar a pertinente documentación, e tendo en conta a clasificación das as empresas:

- 1.- FERROVIAL CONSTRUCCION S.A.
- 2.- UTE MONRABAL-ENDESA: ELECTROTECNIA MONRABAL SLU--ENDESA X SERVICIOS, S.L.

FOD - Expediente 486/2020. Licenza ou Autorización Urbanística. Substitución de vivenda unifamiliar e anexo.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Inclusión por urxencia Expediente 486/2020

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 04 de maio de

2023.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación.
- Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

ANTECEDENTES:

1º.- Consta no expediente que por **Fernando Antonio Costoya Moure**, con DNI ***673***, presentouse escrito o día 6 de marzo de 2020 (Rexistro de Entrada nº 2020-E-RE-66), polo que se solicita licenza urbanística para SUBSTITUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E ANEXO sita na rúa Forcarei número 10, Silleda, consta nota simple do Rexistro da Propiedade de Lalín dunha parcela con RC 36052A048005220000KF, indicando que a súa superficie é de 2.198,22. Finca número 39.018.

Aporta proxecto básico denominado “PROYECTO BÁSICO DE SUSTITUCIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR Y ANEXO” elaborado polo arquitecto JOSÉ LUIS SANMIGUEL GUERREIRO, colexiado número 2564, sen constar o visado colexial obrigatorio.

2º.- Consta no expediente acordo da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de Servidumes Aeronáuticas. Expediente E20-1089, de data 30/03/2020, para construción de vivenda unifamiliar.

3º.- Consta no expediente que o 17/06/2020 o arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil, emite informe de requirimento, solicitando documentación gráfica e escrita que defina o peche que se propón e a autorización da Consellería de Cultura por estar as obras no entorno de protección da Mámoa de Silleda, elemento catalogado por patrimonio cultural.

4º.- Consta no expediente que o 02/07/2020 o interesado presenta documentación técnica en relación ao peche, e o xustificante da solicitude de autorización a Dirección Xeral de Patrimonio.

5º.- Consta no expediente que o 18/12/2020 a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade emite informe no que se indica que non é precisa a súa autorización para esta actuación, dado que no solo urbano se aplican os contornos xenéricos establecidos no artigo 38.3 da LPCG non estando polo tanto afectada pola mámoa.

6º.- Consta no expediente que o 22/02/2012 polo técnico municipal César Pereiras Cambón emítase informe no que se fai constar a necesidade de que polo interesado se presente a seguinte documentación:

- Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- Oficio de dirección das obras.
- Acreditación/xustificación da delimitación e superficie da parcela recollida no proxecto posto que non coincide coa parcela de referencia catastral 36052A048060110000KZ.

7º.- Consta no expediente que en contestación ao requirimento preséntase o xustificante do pago do ICIO e da taxa municipal, e oficio sen visar de dirección de obras, así mesmo apórtase nota simple do Rexistro da Propiedade e proxecto básico refundido.

8º.- Consta no expediente informe da arquitecta María Jose García Fidalgo, do 19/04/2021 no que se lle require ó interesado a emenda das seguintes eivas:

- Proxecto técnico completo e de execución visado polo correspondente colexio e asinado por técnico competente segundo se determina no Código Técnico da Edificación así como no artigo 353 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia no que se esixe para a solicitude de licenza a entrega do mesmo.

- Non se xustifica o preceptuado no artigo 216 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

- Non se xustifica o cumprimento de habitabilidade de forma axeitada. Entregaranse as correspondentes fichas do cumprimento do DECRETO 29/2010, do 4 de marzo de 2010, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia

9º.- Consta no expediente que o 22/04/2021 preséntase documentación en cumprimento do requirimento.

10º.- Consta no expediente informe da arquitecta María Jose García Fidalgo, de data 26/04/2021 no que se lle require a presentación da seguinte documentación:

- Proxecto técnico completo e de execución visado polo correspondente colexio e asinado por técnico competente segundo se determina no Código Técnico da Edificación así como no artigo 353 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia no que se esixe para a solicitude de licenza a entrega do mesmo.

11º.- Consta no expediente que o interesado presenta o 26/04/2021 unha memoria para xustificar que non é precisa a presentación do proxecto de execución.

12º.- Consta no expediente informe definitivo e favorable de 10/05/2021 asinado pola arquitecta María José García Fidalgo, eximindo da obriga da presentación do proxecto de execución.

13º.- Consta no expediente informe xurídico asinado pola Secretaria, María Fernanda Montero

Parapar o 31/05/2021.

14º.- Consta no expediente acordo da Xunta de Goberno Local na que o Concello de Silleda concedeu licenza municipal de obras para Substitución de vivenda unifamiliar e anexo na sesión celebrada o 3 de xuño de 2021, concedida sobre proxecto básico redactado por Alberto Blanco Rodríguez, arquitecto Colexiado 2495.

Faise constar que no acordo e a notificación da licenza orixinal consignábase a referencia catastral errónea 36052A048060110000KZ, sendo a correcta a 36052A048060180000KG

15º.- Consta no expediente con rexistro de entrada 2021-E-RE-1374 de 2 de decembro de 2021, a seguinte documentación:

- Proxecto de execución de substitución de vivenda unifamiliar e anexo, memorias, visado nº 2107003,2 o 02/12/2021.

- Proxecto de execución de substitución de vivenda unifamiliar e anexo, planos, visado nº 2107003,2 o 02/12/2021.

- Oficio de dirección de obra.

- Oficio de coordinador facultativa en materia de seguridade e saúde na fase de execución da obra.

16º.- Consta no expediente **informe favorable** do Arquitecto municipal, Lino Doporto Framil, asinado o 14/03/2023.

O informe favorable do arquitecto recolle o seguinte:

“1. En cumprimento do artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, emítese informe técnico relativo ao expediente 486/2020, de solicitude de licenza asinada por Costoya Moure, Fernando Antonio, presentada con R.E. 2020-E-RE-66 de 6 de marzo de 2020. Aporta unha copia de proxecto en formato dixital asinado por Alberto Blanco Rodríguez, arquitecto Colexiado 2495 e xustificante de pagamento de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda concedeu licenza municipal de obras para Substitución de vivenda unifamiliar e anexo o día 5 de xaneiro de 2022, concedida sobre proxecto básico redactado por Alberto Blanco Rodríguez, arquitecto Colexiado 2495 en xunta de goberno local de 3 de xuño de 2021.

2.1 Faise constar que no acordo e a notificación da licenza orixinal consignábase a referencia catastral errónea 36052A048060110000KZ, sendo a correcta a 36052A048060180000KG

3. O Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, de carácter básico segundo a súa disposición final primeira, establece no seu artigo 6.1.b:

O proxecto de execución desenvolverá o proxecto básico e definirá a obra na súa totalidade sen que

nel poidan rebaixarse as prestacións declaradas no básico, nin alterarse os usos e condicións baixo as que, no seu caso, se outorgaron a licenza municipal de obras, as concesións ou outras autorización administrativas, salvo en aspectos legalizables. O proxecto de execución incluírá os proxectos parciais ou outros documentos técnicos que, no seu caso, deban desenvolvelo o completalo, os cales se integrarán no proxecto como documentos diferenciados baixo a coordinación do proxectista.”

4. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 e o 6/9/2022 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas¹ durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados contidos no documento aprobado provisionalmente, ao abeiro do establecido no artigo 198.2 do RLSG.

5. A LSG, no seu artigo 143.3 dispón que: “Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel”.

6. Serán responsables da aplicación do CTE os axentes que participan no proceso da edificación, segundo o establecido no capítulo III de la LOE. Segundo o art. 5.3 da Parte I do CTE, para xustificar que un edificio cumpre as exixencias básicas do CTE “poderá optarse por solucións alternativas, entendidas como aquelas que se aparten total ou parcialmente dos DB. O proxectista ou o director de obra poden, baixo a súa responsabilidade e previa conformidade do promotor, adoitar solucións alternativas, sempre que xustifiquen documentalmente que o edificio proxectado cumpre as esixencias básicas do CTE porque as súas prestacións son, alomenos, equivalentes ás que se obterían pola aplicación dos DB”.

7. O presente informe ten por único obxecto comprobar, dende o punto de vista técnico, a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente (art. 354.3 do RLSG). Respecto á lexislación específica de edificación e uso, unicamente se comprobarán aquelas normas nas que expresamente se requira o control municipal.

8. Á vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da LSG e 354.3 do RLSG: “Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística”, informe técnico este no que se verifican as condición urbanísticas da parcela, as normas autonómicas de habitabilidade de vivendas, as normativas relativas a accesibilidade e o ruído, así como a integridade documental e xustificación do CTE:

INFORME TÉCNICO:

9. Vista a documentación aportada con rexistro de entrada 2021-E-RE-1374 de 2 de decembro de 2021, xunto coa documentación que foi obxecto de licenza o día 3 de xuño de 2021, segundo o

artigo 6.1.b do Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación, apreciase que este desenvolve o proxecto básico e define a obra na súa totalidade sen que se rebaixen, salvo erro ou omisión, as prestacións declaradas no básico, nin se alteran os usos e condicións baixo as que se outorgou a licenza municipal de obras.

En conclusión, o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude, dende o punto de vista técnico, e proponse para a autorización do inicio das obras que contan con licenza municipal de obra concedida o 5 de xaneiro de 2022, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico e nos informes sectoriais que constan no expediente 486/2020 e que se sinalan a continuación:

a. Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por encontrarse na zona de Servidume de Aproximación do Aeroporto de Santiago de Compostela.

a.1) Consta no expediente resolución pola que se formula a declaración có código2 AESASRVA AIS A000BQEVQ1US3NKSSDA

Faise constar que o artigo 91 “Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” da LSG, establece o seguinte:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do RLSG, “Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel (<http://silleda.es/concelleria-de-urbanismo-medio-ambiente-obras-e-servizos/urbanismo/modelocartel-de-obra/>) indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”.

O que se informa desde o punto de vista técnico ao leal saber e entender do arquitecto que subscribe, sen prexuízo doutro criterio mellor fundamentado, en Silleda, na data sinalada na marxe.

Documento asinado electronicamente por Lino Manuel Doporto Framil, arquitecto.”

17º.-Consta informe xurídico asinado o 04/05/2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

A distinción entre **obra maior e menor** implica en si mesmos importantes efectos xurídicos e leva decisivas consecuencias prácticas. Con todo, para a definición do que podemos entender como obra maior e menor aínda temos que seguir acudindo á xurisprudencia nunha gran parte das Comunidades Autónomas. Nos últimos anos, no entanto, empezaron a incluírse nas lexislacións urbanísticas autonómicas definicións máis ou menos precisas do concepto de obra maior e menor; conceptos, por outra banda, que na maior parte dos casos limitáronse a recoller as clásicas definicións xurisprudenciais existentes.

A importancia da distinción trae importantes consecuencias prácticas. Algunha delas non expón maiores dificultades de catalogación. No entanto hai supostos nos que non queda claro se estamos ante obra maior ou menor sendo que diso dependerá por exemplo, o que sexa necesario ou non proxecto, con todo o que iso á súa vez implica.

Xurisprudencia á que temos que acudir cando se nos expoñan supostos concretos que requiren una interpretación (técnica) para decidir se se trata de obra maior ou menor:

- Sentenza do Tribunal Supremo de 25 de abril de 1989 (en relación, Sentenza do Tribunal Supremo de 28 de maio de 1981 e de 21 de febreiro de 1884, 23 de xaneiro de 1916, 11 de marzo de 1978, 16 de xaneiro e 2 de febreiro de 1979, 19 de maio e 13 de xuño 1980 e 26 e 27 de maio de 1981)

- Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de febreiro de 1990 e 9 de outubro de 1990.

- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000

- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de Málaga de 25 de febreiro de 2000 «(...) Como lembra a Sentenza do Tribunal Supremo de 9 de outubro (...) o concepto xurídico indeterminado obras maiores ou obras menores deberá aplicarse en cada caso concreto atendendo ao volume da obra, á súa transcendencia ou perigo para a efectividade da ordenación urbanística e,

no último termo, á complexidade ou sinxeleza do proxecto».

- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Estremadura de 24 de outubro de 2006 (no mesmo sentido a Sentenza 29 de marzo de 2006 do citado Tribunal).

Podemos chegar á conclusión, con base á xurisprudencia, (polo menos en canto a edificacións refírese) se o proxecto técnico se esixe para as denominadas obras maiores (STS de 4 de abril de 1995 e Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000) e o artigo 2.2 e 2.3 da Lei 38/1999, de 5 de novembro de Ordenación da Edificación establece que (...) requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4 as seguintes obras (...) parece que chegamos á conclusión que estas obras do artigo 2 son as que deben ser denominadas maiores (ao necesitar proxecto técnico)].

O artigo 142 da LSG recolle as **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas**:

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:

a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.

e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.

f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.

g) A primeira ocupación dos edificios.

h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente

i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.

3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de

edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

TERCEIRO.- PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

CUARTO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.- Cando na obra proxectada se prevea o desenvolvemento dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requirán previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

VISTOS os informes emitidos polos arquitectos tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente, así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade e o axuste do Proxecto de Execución presentado ás determinacións da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, do Código Técnico da Edificación e do Planeamento Municipal e demais normativa de aplicación así como en relación á valoración do orzamento da edificación e da documentación obrante no expediente.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 486/2020, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada o 5 de xaneiro do 2022 a Fernando Antonio Costoya Moure, para SUBSTITUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E ANEXO sita na rúa Forcarei número 10, Silleda.

SEGUNDO.- Proponse para a autorización do inicio das obras que contan con licenza municipal de obra concedida o 5 de xaneiro de 2022, con arreglo ás LIMITACIÓNS que se establecen no informe técnico e nos informes sectoriais que constan no expediente 486/2020 e que se sinalan a

continuación:

- Resolución código AESASRVAISA000BQEVQ1US3NKSSDA da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por encontrarse na zona de Servidume de Aproximación do Aeroporto de Santiago de Compostela.

- Faise constar que o artigo 91 “Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe” da LSG, establece o seguinte:

c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.

d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

- De acordo có artigo Artigo 357, Resolución, do RLSG, “Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel (<http://silleda.es/concelleria-de-urbanismo-medio-ambiente-obras-e-servizos/urbanismo/modelocartel-de-obra/>) indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente”.

TERCEIRO.- O interesado, no caso de non ter aboadas as taxas, deberá aboar a taxa por outorgamento da licenza polo importe que corresponda.

CUARTO.-Notificar o presente acordo ao interesado.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda